

**INFORMACIÓN CURSO 2018-19.
CARPETA DE NAIS E PAIS.**

Resumo do R.R.I. (BOP nº 185. 27/9/2012.) (BOP nº 233. 9/12/2010) publicado na páxina web do Concello de Sada

**1.- ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE SADA. FLORA RAMOS. "FLORITA".
OBXECTIVOS:**

- Promover o desenvolvemento das nenas e dos nenos dende todos os ángulos: afectivo, social, cognitivo, psicomotor.
- Favorecer o desenvolvemento das potencialidades a través do xogo (obxectivo fundamental desta etapa).
- Favorecer que o nen@ estableza relacións sociais coas educadoras do centro e o resto dos compañeiros e compañeiras.
- Potenciar a imaxinación, autonomía, o desenvolvemento da linguaxe, etc.
- Fomentar a comunicación co medio e a familia.
- É o máis importante, que as nenas e os nenos e sintan ben e disfruten das actividades que propoñemos.

2.- EDUCADORAS DO CENTRO:

Neste centro todo o persoal que traballa ten a titulación requirida por lei, ademais dicir que o número de persoal é superior ao que esixe a lei actual, para proporcionar unha mellor atención educativa e asistencial, xa que dispoñemos dunha auxiliar en cada aula e o que esixiría a lei actual é compartila cada seis unidades.

3.- CALENDARIO DO CENTRO: Segundo o Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil.

- Pechado: Festivos oficiais e locais (Martes de entroido 5 de marzo e 16 de agosto)
- Xornada reducida, de 9:00 a 15:00 h. Durante as seguintes datas:
 - Nadal: do 24 de decembro ata o 7 de xaneiro ambos inclusive.
 - Entroido: Luns de entroido 4 marzo e mércores de cinza 6 de marzo. O 5 de marzo pechamos pois é festivo local.
 - Semana Santa: do 15 ao 22 de abril. O 17 e 18 de abril estará pechado por ser Xoves e Venres Santo.
- Xornada intensiva: de 8:00 a 16:00 h. Durante os meses de xullo e agosto.
- Períodos especiais:
 - Festa Fin de Curso: Venres 28 de xuño.
 - Pontes: 2 de novembro e 7 de decembro.
 - O centro pechará os últimos 6 días hábiles do mes de agosto (23 - 30).

Durante os períodos vacacionais de Nadal, Entroido e Semana Santa só poderán asistir ao centro aqueles nenos/as cuos pais e nais traballen ámbolos dous ou un pai/nai, no caso de familias monoparentais.

O centro permanecerá aberto doce meses ao ano, sendo o curso escolar de setembro a agosto, ambos inclusive. O mes de agosto o centro abrirá, sempre que a demanda así o xustifique (deberá haber unha demanda de 15 nenos/as como mínimo que permite abrir unha unidade internivelar). Todos os nenos e nenas **deberán aboar obrigatoriamente 11 mensualidades ou cuotas íntegras.** Aconséllase que todos os nenos e nenas disfruten dun mes de vacacións (que pode ser calquera do ano) a non ser que circunstancias suficientemente xustificadas, a valorar pola Comisión de Seguemento, o impidan. Neste caso haberá que aboar as doce mensualidades. O mes de descanso poderase dividir en dúas quincenas. En todo caso **os períodos de vacacións deberán comunicarse presentando no**

Rexistro de entrada do Concello de Sada o Anexo VIII Solicitud de Vacacións, como máximo, ata o último día do mes de febreiro.

Con independencia do mes de vacacións elixido (que hai que solicitar cubrindo o Anexo VIII) a mensualidade que non se aboará é a de agosto, que só pagarán aqueles nenos/as que non disfruten de vacacións durante o presente curso escolar por motivos xustificadas ou ben para aqueles nenos/as que por ter empezado na escola avanzado o curso (rematado o mes de setembro como mínimo) podan optar, ou non, por coller o período vacacional durante este curso e, obrigatoriamente, para aqueles pais ou nais que, por non comunicar o período vacacional a tempo, resulten sancionados con dita medida. Tede en conta tamén, **que de non comunicar o período vacacional na data contemplada a Comisión de Seguemento da Escola fixará o período vacacional do neno obrigatoriamente e ademais haberá que pagar as doce mensualidades, sen dereito ao desconto do mes de agosto.**

4.- HORARIO DO CENTRO: de 8:00 a 20:00. Podendo optar a:

- **Xornada completa:** Máximo de 8 horas, só para fillos/as de nais e pais traballadores, o horario fixarase según as necesidades dos pais para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar. Esta xornada é só para pais e nais que ambos dous traballen e ou familia monoparental cuio único proxenitor/a tamén traballe.
- **Xornada reducida con comedor:** de 10:00 a 14:30, só para fillos/as de nais e pais traballadores que podan adaptar a permanencia do neno/a no dentro a un horario máximo de 10:00 a 14:30, pagando o importe da xornada escolar e máis o comedor. Esta xornada é só para pais e nais que ambos dous traballen e ou familia monoparental cuio único proxenitor/a tamén traballe.
- **Xornada escolar:** Obrigatoria para aqueles nen@s que non traballen os dous pais. O horario será de 10:00 a 13:00. Esta xornada terá unha redución de tarifa. Aqueles pais que aínda traballando os dous opten por traer aos seus fillos neste horario tamén se poden acoller a ela.

De 14:30 a 15:30 non se pode traer nin recoller nen@s, pois é o horario en que os da escola están durmindo sesta.

O horario máximo de permanencia dos nenos no centro será de 8 horas diarias, agás causas excepcionais e convenientemente xustificadas a valorar pola Comisión de Seguemento, que poderá ampliar dito horario en interese do menor. **No caso de nenos/as menores dun ano aconséllase que non permanezan na escola máis de 6 horas**, aínda que este horario pode ser ampliado ata as oito horas.

O horario de entrada e saída da escola é flexible, para adaptarse ás necesidades de cada familia, aínda que debes respetar no posible o ritmo das actividades, horario dos servizos e rutinas da escola. Por este motivo, **unha vez acordados coa escola os horarios, e publicados, as familias procuraredes respetalo**. En caso de retrasos inxustificadas e reiterados a Dirección da Escola está obrigada a adoptar as medidas oportunas, poñendo en coñecemento da Comisión de Seguemento. Para variar os horarios ou servizos que tedes contratados debes solicitalo no Rexistro de entrada do Concello, presentando os contratos de traballo de ámbolos dous pais ou un deles en caso de familias monoparentais, que xustifiquen dita ampliación.

Os nenos/as de novo ingreso, farán un **proceso de adaptación** incorporándose paulatinamente ao centro, seguindo o horario e turnos que lles indiquen as titoras, para facilitar a súa adaptación ao medio escolar. En cada clase exporase o horario de adaptación

que lle corresponde a cada neno/a, e que se debe respetar salvo circunstancias excepcionais a valorar pola Comisión de Seguemento. Lembrade como norma xeral que no mes de setembro os nenos/as que se incorporan ao centro por primeira vez non farán horario amplo nin empregarán comedor escolar.

5.- ROUPA QUE TEN QUE TRAER:

A partir de outubro, todos os nenos e nenas da escola excepto os do grupo dos bebés, teñen que vir diariamente cun chandal e máis o mandilón escolar. Pregamos que lles poñades a sudareira por enriba do mandilón para facilitar que lla vexamos e lla saquemos no inverno. Aconsellamos non mandar aos nenos e nenas moi abrigados, **no centro vai moita calor**, tamén informamos que **tedes un chandal do centro á vosa disposición así como tamén un modelo de pantalón curto e camiseta para os meses de verán**. O calzado debe ser de belcro. Ten que ter unha muda sempre dispoñible na escola. **Toda a roupa debe estar claramente marcada para evitar perdas.**

6.- SERVIZOS DA ESCOLA:

COMEDOR: Dispón de 18 prazas de almorzo, 78 prazas para xantar e 24 de merenda. A estes servizos só poderán acceder os nenos e nenas cuos pais traballen os dous nestes horarios.

Os horarios do comedor:

- **Almorzos:** de 9:00 a 9:30. Procurade como regra xeral traer aos nenos/as como máximo ás 9:15, para que lles dea tempo a almorzar con tranquilidade.
- **Xantar:**
 - ✓ O grupo dos bebés, de 12:00 a 13:00. (Mentres tomen papa de comida, despois no horario do resto dos grupos)
 - ✓ O resto dos grupos de 13:00 a 14:00
- **Merendas:** de 16:30 a 17:00.

Os menús expóñense mensualmente no taboeiro da escola, e na páxina web do centro.

Normas do comedor:

- Os nenos e nenas que empregan o servizo de comedor por primeira vez non o empregarán ata outubro.
- Debedes informar das alerxias que poda ter o neno ou nena.
- No grupo dos bebés, debedes informar as educadoras dos alimentos novos que o pediatra aconselle que introduzades na dieta.
- Na escola practicamos hábitos de hixiene como cepillar os dentes e lavar as mans e a cara.

ASESORÍA PSICOPEDAGÓXICA: Desenvolvida pola pedagogo da escola, as funcións son:

- Traballo de coordinación daqueles nenos e nenas que presenten problemas ou dificultades especiais con equipos externos (pediatra, materno, centros de servizos sociais).
- Orientación a pais e nais sobre aspectos relativos aos problemas ou dificultades dos nenos e nenas.

ESTIMULACIÓN TEMPERÁ: No grupo dos bebés, tratarase de favorecer o desenvolvemento dos nenos e nenas a través de masaxes e exercicios de coordinación das distintas partes do corpo.

ESCOLA DE VERÁN: Desenvolvida en xullo e agosto para os nenos e nenas que veñan ao centro no período vacacional en base a obradoiros motivadores e atractivos para os nenos e nenas.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: De luns a venres levaráanse a cabo unha serie de actividades como baile galego, teatro, educación física, inglés, natación; sempre que se forme un grupo mínimo de 10 nenos ou nenas en cada obradoiro. Os horarios dos distintos obradoiros será de 16:00 a 16:45. Excepto o de natación e educación física que teremos que confirmalo coa dirección da piscina.

7.- HORARIO DE ATENCIÓN A PAIS E NAIS: Diariamente de 11:00 a 12:00 h., ou noutro horario previa cita.

8.- CUOTAS DA ESCOLA:

- Os recibos xirámolos por banco **nos primeiros 10 días de cada mes**. O impago de dúas mensualidades será causa de baixa no centro.
- Os **chándales mandilóns e material escolar** pagaranse na escola a partir a partir do 15 de setembro.
- As tarifas están expostas no taboleiro de anuncios da escola sendo fixadas pola Consellería de Traballo e Benestar.
- O centro permanecerá aberto 12 meses ao ano sendo de pago obrigatorio as mensualidades de setembro a xullo, independentemente do período vacacional que vaia a disfrutar cada neno/a.

TARIFAS CURSO ESCOLAR 2018-19

Artigo 44 do RRI. As cotas serán actualizadas conforme as disposicións establecidas pola Xunta de Galicia, tomando como referencia o IPC anual e os plans e servizos que a escola oferta.

Reguladas segundo a Ordenanza Fiscal nº 31, ao abeiro do disposto no Decreto 49/2012 de 19 de xaneiro da Consellería de Traballo e Benestar, e na resolución de 10 de maio de 2017, DOGA Núm. 97, Resolución do 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís.

Renda Per Cápita mensual da Unidade Familiar En función do IPREM 2018 (537,84 €).	IMPORTE TARIFA XORNADA COMPLETA (ata 8 horas)	IMPORTE XORNADA REDUCIDA (10:00-13:00)	IMPORTE SERVIZO XANTAR
< 30% IPREM <i>< 161,35 €</i>	0,00 €.	0,00 €.	0,00 €.
30% < 50% IPREM <i>161,35 € < 268,92 €</i>	0,00 €.	0,00	16,50 €.
50 % < 75% IPREM <i>268,92 € < 403,38 €</i>	33,00 €.	16,50	16,50 €.
75% < 100% IPREM <i>403,38 € < 537,84 €</i>	66,00 €.	33,00	25,00 €.
100% < 125% IPREM <i>537,84 € < 672,30 €</i>	106,00 €.	53,00	35,00 €.
125% < 150% IPREM <i>672,30 € < 806,76 €</i>	126,00 €.	63,00	50,00 €.
150% < 200% IPREM <i>806,76 € < 1075,68 €</i>	139,00 €.	69,50	60,00 €.
> 200% <i>> 1075,68 €</i>	160,00 €.	80,00	70,00 €.

- A Renda per cápita calcúlase sumando as casillas 415 e 435 dos IRPF do 2017 de cada pai e nai e dividindo o resultado entre 12 e entre o número de membros da Unidade Familiar a 30 de decembro de 2016.
- O precio do comedor refírese ao xantar, aqueles nenos e nenas que empreguen ademáis servizos de almorzo ou merenda pagarán 16,50 € ao mes por cada concepto.
- Os nenos e nenas que non empreguen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente, e por motivos xustificados, desexen empregar o servizo algún día solto, pagarán 4,00 € por cada servizo de comida e 2,00 € por almorzón ou merenda.

DESCONTOS APLICADOS NA TARIFA E NO COMEDOR ESCOLAR:

DESCONTO A APLICAR	CIRCUNSTANCIAS DA UNIDADE FAMILIAR
20 % DE DTO.	NENOS PERTENCENTES A FAMILIA NUMEROSA
20 % DE DTO.	NENOS PERTENCENTES A FAMILIA MONOPARENTAL
20% DE DTO. HERMANOS EN EL CENTRO	CANDO ASISTAN AO CENTRO VARIOS IRMÁNS TERÁN UN 20% DE DESCONTO CADA UN. SI NACERON NUN PARTO MÚLTIPLE O DESCONTO SERÁ DUN 30% CADA UN.

Para a aplicación dos descontos teránse en conta as circunstancias concorrentes no momento da solicitude de praza na escola infantil, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas da declaración da renda.

9.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO:

- **Normas Sanitarias:** Non poderán asistir ao centro os nenos e nenas enfermos durante todo o tempo que o aconselle o seu pediatra. Cando levedes ao neno ou nena ao pediatra pedídlle que vos poña por escrito canto tempo debe estar sin asistir á escola e presentade este xustificante ao seu regreso. Nota: evidentemente, si xa pasaron uns días de convalecencia suficientes, este requisito non será necesario.
- **Normas de entrega de nenos e nenas:** Non entregaremos aos nenos e nenas a ningunha persoa que non sexa a que diariamente adoita a recoller ao neno ou nena da escola, a non ser que á hora de traelo avisárades do contrario. Esa persoa debe vir identificada co seu DNI.

Avisos xerais aos pais e nais:

- Sempre que se produza calquer cambio na situación familiar hai que avisar na dirección do centro, de xeito que no caso de pais separados, entregaremos aos nenos a aquel membro da parella que teña otorgada a custodia do menor sempre que nos entregaran a sentenza da Custodia provisional, de non ser así tanto o pai coma a nai poden vir a recoller ao neno nena.
- Tamén hai que avisar si as persoas autorizadas para vir a recoller ao neno/a deixan de estalo, como de calquer outro cambio que poda haber en canto a teléfonos, direccións de contacto, traballos, etc. Non facelo pode ser perigoso porque de querer contactar con vós non o imos poder facer.
- En canto aos cambios de números de conta hai que avisar antes do día 15 do mes anterior.

10.- RENOVACIÓN DE PRAZA:

As familias con nenos e nenas xa matriculados na Escola Infantil que desexen renovar praza no mesmo centro para o seguinte curso escolar, deberán cubrir a solicitude de renovación de praza no mes de marzo e xustificarán documentalmente os ingresos económicos actualizados, así como outros datos, susceptibles de baremación, que varíen sustancialmente a situación socio-familiar.

Non poderán renovar praza aqueles pais/nais que manteñan unha ou máis mensualidades impagadas de calquera curso no momento de formalizar a solicitude.

Na renovación de praza poderanse solicitar cambios nos servizos de comedor así coma nos horarios.

11.- FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA:

Unha vez aprobada a lista definitiva de admitidos (que inclúe a nenos e nenas de novo ingreso), os solicitantes que renovan praza e admitidos disporán dun prazo de 15 días hábiles para confirmar praza, mediante o aboamento da matrícula no número de conta ES9420800045913040021140, e achegar a documentación complementaria e actualizada (art. 23 do regulamento de réxime interno) axuntando o modelo previsto a tal efecto para a formalización de matrícula. No caso de que dita documentación non se presente dentro do prazo previsto, a Comisión de Baremación poderá decidir a baixa do neno/a agás que a non presentación derive dunha causa xustificada.

12.- LISTA DA ROUPA E MATERIAL DE ASEO PERSOAL

Os nenos e nenas de tódolos grupos, excepto os dos bebés (pitiños e osiños), vestirán diariamente e de forma obrigatoria, estando toda a roupa debidamente marcada:

- ❖ Mandilón escolar
- ❖ Chandal
- ❖ Roupa Interior: Bodys só están permitidos mentres empreguen pañal, unha vez o neno ou nena empece a empregar o orinal, empregarán calzóns ou bragas, de ningunha maneira os bodys.
- ❖ Calzado: de abrochar con cintas adhesivas.

Nota: Os grupos de bebés virán con roupa de calle que sexa cómoda sin cinturóns, nin petos, que dificulten o seu cambio.

Todos os nenos e nenas, para a súa hixiene persoal, disporán no centro de: (todo elo claramente marcado co seu nome e apelidos)

- ❖ Unha caixa que conterá: unha muda completa con un chándal, roupa interior, deportivas, un termómetro, apiretal/dalsi ou similar (según empregue), para poder administrarlllo no caso de que se poña malo na escola e unha gorra.
- ❖ Un vaso de plástico duro para beber.
- ❖ Un cepillo de pelo ou peite axeitado.
- ❖ Unha toalla tamaño tocador (pequena), que tódos os venres levarán para casa a lavar.
- ❖ Dous paquetes de toallitas húmidas
- ❖ Unha bolsa de cueiros (se os usa).
- ❖ Dúas caixas de panos de limpiar os mocos (non paquetes individuais senon caixa de 100 panos contínuos)
- ❖ Crema de cu si empregan pañal.
- ❖ Bote de colonia.
- ❖ Bote de xabón.

Se os nenos ou nenas empregan servizo de comedor, terán que traer:

- ❖ Un cepillo de dentes
- ❖ Un tubo de pasta de dentes
- ❖ Cinco babeiros (cada día levarán o usado para lavar en casa).

NOTAS

- NO CENTRO VAI MOITA CALOR, non mandedes aos nenos ou nenas excesivamente abrigados en ningunha época do ano. Co chándal e unha camiseta máis o mandilón é suficiente. A principios de curso e a partir de que empece a facer calor, na primavera, xa poden vir de calle, con roupa cómoda sen cinturóns nin petos.

- TODA A ROUPA E DEMÁIS ÚTILES DE ASEO DEBERÁN ESTAR BEN MARCADOS co nome e apelidos do neno ou nena e con rotulador indeleble ou cosidos con cintas speciáis de marcar a roupa.

13.- O PROCESO DE ADAPTACIÓN DO NENO Á ESCOLA INFANTIL.

A.- IMPORTANCIA DA ADAPTACIÓN DO NENO Á ESCOLA INFANTIL

A entrada dun neno na E.I. é un acontecemento na súa historia persoal, social e escolar. O entrar na escola supón para o neno a súa primeira separación importante da súa familia.

Na forma na que o neno se adapte inflúen distintas circunstancias: o grao de necesidade e convencemento dos seus pais, a idade de ingreso do neno, o carácter do neno, do seu pai, a súa nai ou a persoa encargada de levalo, outras circunstancias persoais (mudanza, nacemento de irmán, separación, enfermidades, etc.).

O ingreso na escola supón para o neno a perda dunha serie de privilexios e dos puntos de referencia dos que ata agora viña gozando no ámbito familiar. Enfróntase a unha nova situación que lle é descoñecida e pode chegar a experimentar "**sentimento de abandono**", a pesar de que tanto a escola como os seus profesionais reúnan as mellores condicións e requisitos.

O gran conflito que debe resolver o neno no período de adaptación é a aceptación da separación dos seus pais. A función do educador será acompañar ao neno neste proceso, facendo o esforzo por **comprender os sentimentos que os nenos expresan mentres experimentan o conflito**. Pola súa banda os pais podeades colaborar enormemente apoiando e animando aos nenos para integrarse no grupo: usando contos, contándolle como volo pasabades vós no cole, ensinándolle fotos vosas cando iades ao colexio..., e sobre todo **NON TRANSMITÍNDOLLES ANGUSTIAS OU TEMORES**, se algo vos preocupa debeades falar con sinceridade diso coas educadoras do voso fillo.

B.- O PERÍODO DE ADAPTACIÓN COMO PUNTO DE PARTIDA

O período de adaptación é un momento de crise que fará madurar ao neno. Todos debemos respectar os ritmos individuais de cada neno, non hai que forzar a súa permanencia na escola ata que non estea plenamente adaptado e acepte a separación dos seus pais.

C.- COMO VIVE O NENO O PROCESO DA ADAPTACIÓN.

É un momento de "**ebulición de sentimentos**", no que hai que estar atentos ás diferentes manifestacións do estado de ánimo do neno, prestándolle especial interese ás non verbais (tendo en conta a súa idade).

Ao separarse dos seus pais experimenta unha serie de sentimentos negativos: Perde o medio familiar, enfróntase ao descoñecido e sen recursos nin experiencia para poder superar a proba. Por iso debemos axudalo a familiarizarse co novo ambiente, gañándonos a súa confianza aos poucos.

É normal que o neno experimente sempre un rexeitamento máis ou menos explícito ante a separación da súa familia. Todo este proceso de facerse maior e máis autónomo, crecer á fin e ao cabo, leva sempre unha dose de sufrimento e dor.

Es un momento de "ebullición de sentimentos", en el que hay que estar atentos a las

D.- FORMAS DE EXPRESIÓN DO NENO DURANTE O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Considérase normal que o neno manifieste unha sensación de **temor** ante unha situación nova. Necesitará expresar a súa protesta en función das súas posibilidades a través do pranto e outros síntomas de protesta menos evidentes pero non menos graves: Apatía, perda do control de esfínteres, problemas de soño ou coas comidas, condutas agresivas, hiperactividade, etc.

Hai que prestar especial atención ás "reaccións retardadas", propias dos nenos máis tímidos.

E.- INDICADORES DE QUE O NENO SE ADAPTOU Á E.I.

Podemos dicir que un neno está adaptado **cando acepte con naturalidade e de bo grado separarse dos seus pais**, sexa capaz de moverse polos distintos espazos do cole, inicie a relación cos seus compañeiros, e por último sexa capaz de buscar a solución aos seus problemas. Todo iso é por suposto un proceso que require moito tempo e paciencia.

F.- ACTUACIÓN DOS PAIS E EDUCADORES NO PERÍODO DE ADAPTACIÓN.

Como norma xeral falaremos da necesidade de manter a comunicación familia-escola e viceversa, e referímonos aquí a conversar con calma máis aló dos comentarios puntuais do momento da recollida.

Moitas grazas.
Atentamente,

Mila Deus Sixto.
Directora da Escola Infantil Municipal de Sada